

5

DESENVOLVEMENTO REXIONAL

5.1.- Infraestruturas

5.2.- Investigación e tecnoloxía

Un dos elementos fundamentais do desenvolvemento rexional, polo seu papel dinamizador da economía, son as infraestruturas de transporte e comunicación. Este apartado adícase tamén ao desenvolvemento tecnolóxico, unha aposta imprescindible nun mundo globalizado, de competencia mundial, onde prima a sociedade do coñecemento.

A carencia de datos sobre execución orzamentaria en canto a investimentos reais ao longo de 2008 supón unha eiva para ter unha visión completa e real das actuacións do conxunto do sector público no ámbito das infraestruturas de transporte e comunicación. O esforzo máis importante está a facerse neste intre na rede ferroviaria de alta velocidade, aínda que cómpre destacar a importante demora que acumulan as obras do AVE en Galicia.

Pola banda do equipamento en tecnoloxías de información e comunicación, en 2008 continuou a tendencia á alza tanto nos fogares coma nas empresas galegas. Malia esta mellora, a penetración desta tecnoloxía nos fogares galegos segue moi afastada da media estatal.

O gasto interno de Galicia nas actividades de investigación e desenvolvemento incrementouse un 23%, o que permitiu reducir o diferencial existente coa media estatal de esforzo investidor. Galicia adicou en 2008 un 1,03% do seu PIB a estas actividades, mentres que a media situouse no 1,27%. Xunto a esta aproximación aos niveis medios, salienta a crecente importancia do sector privado como financiador neste campo. O gasto interno en I+D do sector privado en Galicia supuxo máis do 55% do total, o que trocou o protagonismo habitual do investimento público (en particular, a través das Universidades). ■

5.1.- Infraestruturas

As infraestruturas de transporte e comunicacións son un elemento fundamental dinamizador da economía galega. Dada a súa importancia, cómpre salientar o sesgo informativo que supón a carencia de datos sobre execución orzamentaria en canto a investimentos reais e transferencias realizados polo conxunto do sector público estatal e autonómico ao longo do ano 2008.

O investimento real do Ministerio de Fomento en Galicia no ano 2008 neste ámbito acadou os 652,5 millóns de euros, e os investimentos reais presupostados no orzamento autonómico para o ano 2008 foi de 549,9 millóns de euros.

O investimento real do Ministerio de Fomento en materia de ferrocarril en Galicia, está dirixido, basicamente a “actuacións ferroviarias en Galicia” con case 215 millóns de euros e á firma dun convenio con ADIF para a administración das infraestruturas con obrigas recoñecidas de máis de 66 millóns de euros ademais, RENFE investiu en Galicia un total de 207,5 miles de euros en 2008, o 0,2% do investimento total asignable ás diferentes comunidades autónomas, un 66% menos que no ano anterior.

A 31 de decembro de 2008, a meirande parte das obras do AVE en Galicia atopábanse en fase de estudo informativo ou en proxecto (1.236,2 Km.), tan só 3,8 km do corredor Olmedo-Zamora-Ourense estaban en servizo, e 71,3 Km. do eixo Atlántico estaban en servizo pero a velocidade de 160 quilómetros por hora.

A pesar do devandito investimento, cómpre salientar

a importante demora que as obras do AVE teñen en Galicia, que no tramo dende a fronteira portuguesa ata O Porriño chega aos sete anos (a 31 de decembro de 2008 estaba pendente de licitación o estudo informativo).

No que se refire ao equipamento en tecnoloxías de información e comunicación continuou, con carácter xeral, a súa tendencia á alza tanto nos fogares como nas empresas galegas. No caso concreto dos fogares, cómpre salientar que Galicia atópase moi lonxe da media estatal no que á dispoñibilidade de ordenador e acceso a internet se refire, situándose coma a segunda comunidade autónoma con menor dispoñibilidade de ordenador tras Estremadura, e no último lugar en canto a porcentaxe de vivendas con acceso a internet.

Infraestruturas de transporte terrestre

Respecto ás infraestruturas terrestres por estradas, os datos do Anuario Estadístico do Ministerio de Fomento reflicten que, sen ter en conta a rede viaria municipal, a rede de estradas de Galicia no ano 2007 está composta por 17.535 quilómetros, dos que 15.242 km. están a cargo de Entes Territoriais e 2.293 km. a cargo do Estado.

Do total de quilómetros a cargo do Estado, o **cadro 5.1.1.** reflicte que o 34% (780 quilómetros) corresponden a autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada, en tanto que dos quilómetros a cargo dos Entes Territoriais, o 64,7% dos mesmos, 9.870 quilómetros, están a cargo das Deputacións provinciais, e 5.372 km, a cargo da Comunidade Autónoma.

Lonxitude da rede de estradas en Galicia e España 2006-07

	2006		2007		Galicia / España	
	Galicia	España	Galicia	España	2006	2007
	(en quilómetros)				(%)	
A cargo do Estado	2.277	25.804	2.293	25.846	8,8	8,9
Estradas dunha calzada	1.524	15.723	1.513	15.320	9,7	9,9
Estradas de dobre calzada	73	730	73	736	10,0	9,9
Autovías e autoestradas libres	416	7.013	443	7.311	5,9	6,1
Autoestradas de peaxe	264	2.338	264	2.479	11,3	10,6
A cargo dos Entes territoriais	15.241	140.535	15.242	140.165	10,8	10,9
Comunidade Autónoma	5.305	70.995	5.372	71.084	7,5	7,6
Deputación	9.936	69.540	9.870	69.081	14,3	14,3
Total rede de estradas	79.274	656.037	79.291	655.709	12,1	12,1

Fonte: Ministerio de Fomento

5.1.1.
Índices da rede de estradas do Estado, CC.AA., Deputacións e Cabildos 2006-07

(1)

	2006				2007			
	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1.000 habitantes (2)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1.000 habitantes (2)	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1.000 habitantes (3)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1.000 habitantes (3)
Andalucía	0,28	3,09	197,52	609,62	0,27	2,89	217,42	638,99
Aragón	0,24	8,91	68,19	607,70	0,24	8,79	72,66	638,74
Asturias	0,47	4,66	120,57	562,37	0,47	4,67	126,47	590,76
Baleares	0,43	2,15	390,69	841,05	0,44	2,11	404,14	852,48
Canarias	0,56	2,10	328,42	688,82	0,60	2,20	324,34	715,15
Cantabria	0,49	4,58	135,82	622,55	0,49	4,52	143,88	651,06
Castela-A Mancha	0,24	7,67	64,55	495,11	0,24	9,74	69,23	674,49
Castela e León	0,35	16,88	47,74	805,98	0,35	12,93	49,91	645,51
Cataluña	0,37	1,68	394,77	663,19	0,38	1,70	401,43	682,71
C. Valenciana	0,37	1,78	371,87	663,77	0,37	1,76	386,26	681,12
Extremadura	0,22	8,44	73,04	616,48	0,22	8,36	77,32	646,42
Galicia	0,59	6,33	100,53	636,37	0,59	6,32	105,24	665,62
Madrid	0,43	0,57	1.202,49	683,49	0,42	0,56	1.278,31	712,54
Murcia	0,32	2,66	248,84	663,00	0,33	2,69	255,29	687,87
Navarra	0,38	6,52	100,93	658,00	0,38	6,48	105,43	683,01
País Vasco	0,58	1,97	286,65	564,91	0,58	1,97	296,17	584,78
A Ríoxa	0,38	6,18	94,67	584,65	0,38	6,13	99,49	609,87
Total	0,33	3,72	173,57	645,76	0,33	3,67	182,59	670,75

(1) na rede de estradas non se inclúen a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1-1-2006

(3) poboación oficial a 1-1-2007

Fonte: Ministerio de Fomento, Anuario estadístico

5.1.2.

Investimentos medios na rede de estradas do Estado, CC.AA., Deputacións e Cabildos 2003-2007 (1)

	Administracións públicas		Estado		Entes Territoriais Autónomas		Deputacións e Cabildos		Administracións públicas		Estado		Entes Territoriais Autónomas		Deputacións e Cabildos	
	(en miles de € / 1000 habts). (2)				(en miles de € / quilómetro de rede)											
	Total	Estado	Administracións públicas	Estado	Total	Estado	Administracións públicas	Estado	Total	Estado	Administracións públicas	Estado	Total	Estado	Administracións públicas	Estado
Andalucía	140,8	66,0	74,8	65,6	9,2	48,8	162,2	30,2	51,6	7,6						
Aragón	284,1	220,5	63,6	45,6	18,0	32,3	119,3	9,2	10,4	7,0						
Asturias	373,5	256,7	116,8	116,8	-	80,0	335,6	29,9	29,9	-						
Baleares	43,5	-	43,5	-	-	22,4	-	22,4	-	-						
Canarias	35,3	-	35,3	-	35,3	35,3	-	35,3	-	35,3						
Cantabria	411,3	290,0	121,3	121,3	-	90,9	269,7	35,2	35,2	-						
Castela-A Mancha	189,6	110,1	79,5	66,4	13,1	19,5	57,6	10,2	16,1	3,5						
Castela e León	314,9	177,6	137,3	96,8	40,6	24,4	85,6	12,7	21,3	6,4						
Cataluña	96,6	32,7	63,9	57,0	6,8	56,8	119,2	44,8	69,8	11,2						
C. Valenciana	88,8	47,6	41,2	32,8	8,4	50,4	119,9	30,1	55,6	10,8						
Extremadura	294,1	204,1	90,1	67,5	22,6	35,2	140,0	13,0	19,4	6,6						
Galicia	199,9	75,0	124,9	100,0	24,9	31,6	90,7	22,7	51,6	7,0						
Madrid	31,4	12,9	18,5	18,5	-	56,3	99,1	43,3	43,3	-						
Murcia	82,5	22,9	59,6	59,6	-	30,6	64,1	25,5	25,5	-						
Navarra	246,4	-	246,4	246,4	-	38,0	-	38,4	38,4	-						
País Vasco	162,2	-	162,2	-	162,2	82,2	-	83,9	83,9	-						
A Ríoxa	222,1	140,5	81,6	81,6	-	36,2	102,4	17,1	17,1	-						
Total	142,6	68,8	73,8	54,4	19,4	38,8	120,4	23,8	34,6	12,7						

(1) na rede de estradas non se inclúe a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1-1-2007

Fonte: Ministerio de Fomento, Anuario estadístico

En relación ao investimento medio na rede de estradas do Estado, comunidades autónomas, deputacións e cabildos no período 2003-07, o **cadro 5.1.3.** amosa que en Galicia investíronse un total de 199,9 miles de euros por cada 1.000 habitantes, sendo a media estatal de 142,6 miles de euros. Galicia está situada por encima da media estatal tanto si se considera o investimento correspondente ao Estado, nesas cinco anos 75 mil euros por cada mil habitantes fronte aos 68,8 miles de euros de media en España, como si se considera o investimento dos entes territoriais, que en Galicia no citado período acadou os 124,9 mil euros por cada 1.000 habitantes fronte aos 73,8 mil euros no estado.

En termos de investimento por quilómetro de rede, o investimento en Galicia ascendeu, no mesmo período de tempo, a 31,6 miles de euros, sendo a quinta comunidade na que menos se inviste, por diante de Castela-A Mancha (19,5 miles de euros), Baleares (22,4 miles de euros), Castela e León (24,4), e Murcia (30,6 miles de euros). A diferenza do acontecido no caso da rateo investimento por habitante, tanto o investimento do conxunto das administracións públicas por quilómetro de rede como o do Estado, ambas as dúas rateos sitúanse por baixo da media española.

O investimento real do Ministerio de Fomento na comunidade autónoma de Galicia ascendeu no último ano a 652,5 millóns de euros, dos que o 18,1% (118,4 millóns de euros) corresponde a dotacións orzamentarias para catorce tramos da autovía do Cantábrico. O **cadro 5.1.4.** mostra tamén que as actuacións de seguridade vial realizadas en Galicia no ano 2008

representaron un gasto de 42 millóns de euros, o 58,5% do seu orzamento inicial.

Ademais do investimento da DG de Ferrocarriles, RENFE investiu en Galicia un total de 207,5 miles de euros en 2008, o 0,2% do investimento total asignable ás diferentes comunidades autónomas, un 66% menos que no ano anterior. As provincias de A Coruña e Pontevedra acollen o 84%, do citado investimento. A 31 de decembro de 2008, a meirande parte das obras do AVE en Galicia atopábanse en fase de estudo informativo ou en proxecto (1.236,2 Km.), tan só 3,8 km do corredor Olmedo-Zamora-Ourense estaban en servizo, e 71,3 Km. do eixo Atlántico estaban en servizo pero a velocidade de 160 quilómetros por hora.

No que atinxe á demora das actuacións ou trámites previstos, cómpre salientar que nesa data esta varía entre os sete anos correspondente á licitación do estudo informativo do tramo dende a fronteira portuguesa e Porriño, e os 6 meses do tramo Lubián e Vilariño de Conso, aínda pendente de licitación. Asemade, hai que destacar que están pendentes de declaración de impacto ambiental desde fai 71 meses os tramos Ourense - Monforte e Monforte-Lugo.

O investimento real do Ministerio de Fomento en materia de ferrocarril en Galicia, tal como mostra o **cadro 5.1.4.** está dirixido, basicamente a "actuacións ferroviarias en Galicia" con case 215 millóns de euros e á firma dun convenio con ADIF para a administración das infraestruturas con obrigas recoñecidas de máis de 66 millóns de euros.

Investimentos de Renfe nas CC.AA. 2007-08

	2007		2008	
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)
Andalucía	17.334,18	19,6	6.350,90	7,2
Aragón	10,10	0,0	2.173,20	2,5
Asturias	1.171,94	1,3	1.586,30	1,8
Cantabria	98,43	0,1	50,50	0,1
Castela-A Mancha	1.676,44	1,9	844,30	1,0
Castela e León	351,39	0,4	1.197,30	1,4
Cataluña	14.386,42	16,3	28.382,60	32,2
C. Valenciana	2.445,82	2,8	2.083,90	2,4
Extremadura	2,98	0,0	-	-
Galicia	522,28	0,6	207,50	0,2
A Coruña	69,70	0,1	87,10	0,1
Lugo	-	-	-	-
Ourense	250,12	0,2	11,30	0,1
Pontevedra	171,98	0,0	87,20	0,0
Varias provincias	30,47	-	21,90	-
Madrid	48.205,03	54,6	20.056,50	22,7
Murcia	47,86	0,1	529,00	0,6
Navarra	-	-	-	-
País Vasco	2.023,12	2,3	2.319,50	2,6
Total asignable CC.AA.	88.275,98	100	65.781,50	75
Asignable varias CC.AA.	13.680,63		14.241,20	
Non asignable CC.AA.	1.004.658,04		1.153.021,00	
Investimento total	1.106.614,65		1.233.043,70	

Fonte: Renfe Operadora

5.1.5.
Situación das liñas ferroviarias a 31 de decembro de 2008

	Estudio informativo	Proxecto	Obras plataforma	Obras vía	Obras seguridade	apta 160 km	obras electrificac.	Apta
Eixe Atlántico	82,3	4,1	84,7	42,9	13,1	71,3	-	-
Frontera Portugal - Vigo	14,5	-	-	-	-	-	-	-
Vigo - Pontevedra	-	2,3	25,3	10,0	-	-	-	-
Pontevedra - Santiago	-	-	37,9	11,4	-	28,8	-	-
Santiago - A Coruña	-	-	21,5	21,5	13,1	42,5	-	-
(A Coruña) Uxes-Betanzos	21,3	-	-	-	-	-	-	-
Betanzos - Ferrol	36,0	1,8	-	-	-	-	-	-
Olmedo - Zamora - Ourense	23,3	142,2	174,3	-	-	-	-	3,8
Olmedo - Zamora	-	-	92,0	-	-	-	-	3,8
Zamora - Lubián	17,0	30,1	82,3	-	-	-	-	-
Lubián - Ourense	9,5	94,5	-	-	-	-	-	-
Ourense - Santiago	-	5,1	82,0	-	-	-	-	-
(Ourense) Maside - Portas (Pontevedra)	59,6	-	-	-	-	-	-	-
Ourense - Lugo	93,3	2,5	7,5	7,5	-	-	-	-
Ourense - Monforte	35,6	2,5	-	-	-	-	-	-
Monforte - Lugo	57,7	-	7,5	7,5	-	-	-	-
Lugo - Betanzos (A Coruña)	92,0	-	-	-	-	-	-	-
Palencia-León-Ponferrada-Monforte	222,5	59,3	59,7	-	-	-	-	-
Palencia-León	-	59,3	59,7	-	-	-	-	-
León-Ponferrada	112,5	-	-	-	-	-	-	-
Ponferrada-Monforte	110,0	-	-	-	-	-	-	-
Bilbao-Cantabria-Asturias-Comarca Ferrol	450,0	-	-	-	-	-	-	-
Ribadeo - Com. Ferrol	123,0	-	-	-	-	-	-	-
Bilbao-Cantabria-Asturias-Ribadeo	327,0	-	-	-	-	-	-	-
Total	1.023,0	213,2	408,2	50,4	13,1	71,3	-	3,8

Fonte: O camiño de ferro en Galicia [www.camfergal.info]

5.1.6.

Situación das liñas ferroviarias a 31 de decembro de 2008: actuacións e obras retrasadas

Trámites e actuacións demoradas	Demora
Eixe Atlántico	
Pendente de licitación o Estudio Informativo desde a fronteira con Portugal (Rio Miño) a Porriño	84 meses
D.I.A. do Estudio Informativo de Electrificación do Eixe Atlántico entre Vigo - Santiago - A Coruña	Pendente
Olmedo - Zamora - Ourense	
Licitación de Obras de tramos entre Zamora - La Hiniesta e Cernadilla - Lubián están retrasadas	Entre 40 e 43 meses
Está pendente a licitación do Proxecto de Ourense (Límite do concello) - Ourense - Empalme	29 meses
Finalizados os Proxectos entre Lubián e Vilariño de Conso, a licitación de Obras de demora	6 meses
Ourense - Lugo	
A Declaración de Impacto Ambiental Ourense - Monforte está pendente desde fai	71 meses
A Declaración de Impacto Ambiental Monforte - Lugo está pendente desde fai	71 meses
Lugo - Betanzos (A Coruña)	
Publicación do Estudio informativo Lugo-Betanzos (A Coruña) leva acumulada unha demora de:	48 meses
Palencia-León-Ponferrada-Monforte	
Mº Fomento, ao licitar un Estudio informativo complementario, retrasou a elaboración da D.I.A. de León-Ponferrada	60 meses
Mº Fomento ven demorando a información pública de Ponferrada-Monforte, acadando os:	53 meses
Bilbao-Cantabria-Asturias-Comarca Ferrol	
Publicación dos estudos informativos dos tres tramos do corredor cantábrico .	42 meses

Fonte: *O camiño de ferro en Galicia* [www.camfergal.info]

5.1.7.
Investimentos reais presupostados en estradas, portos e obras hidráulicas 2007-08

Organismo	2007	2008	08/07 (%)
D.X. Obras Públicas	347.494,4	363.513,6	4,6
D.X. Transportes	11.918,0	12.487,2	4,8
Portos de Galicia	38.166,7	34.769,6	-8,9
Augas de Galicia	17.732,0	23.932,9	35,0
Obras e Servizos Hidráulicos	108.846,0	115.201,1	5,8
Total	524.157,1	549.904,4	4,9

Fonte: Xunta, Orzamentos xerais da C.A.

5.1.8.

Proxecto de investimentos das direccións xerais de Obras Públicas e Transportes 2007-08

512 A	Ordenación e inspección do transporte terrestre	2007	2008	08/07
		<i>(en miles de €)</i>		<i>(%)</i>
600	Mellora da accesibilidade	7.100,0	7.079,7	-0,3
608	Outros investimentos	3.000,0	3.500,0	16,7
610	Infraestruturas de mellora de da accesibilidade	500,0	500,0	-
633	Maquinaria, instalacións e utensilios - reposición	18,0	18,0	-
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	1.299,5	1.389,5	6,9
<hr/>				
512 B	Construción, conservación e explotación de estradas			
600	Mellora da accesibilidade	283.523,6	294.185,7	3,8
610	Infraestrutura de mellora da accesibilidade	59.431,8	63.620,7	7,0
623	Maquinaria, instalacións e utensilios - adquisicións	330,0	330,0	0,0
624	Material de transporte	270,0	350,0	29,6
625	Mobiliario e útiles	18,0	24,0	-
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	3.921,0	5.003,0	27,6

Fonte: Xunta, Orzamentos xerais da C.A.

5.1.9.

O **cadro 5.1.8.** recolle a evolución de investimento realizado en materia de estradas, portos e obras hidráulicas pola Dirección Xeral de Obras Públicas, a Dirección Xeral de Transportes, Portos de Galicia, Augas de Galicia e Obras e Servizos Hidráulicos. En 2008 este investimento medrou un 4,9% en relación ao ano anterior, para situarse nos 549,9 millóns de euros, dos que 363,5 millóns de euros (un 4,6% superior á do ano precedente) corresponden á D.X. de Obras Públicas. O investimento en obras hidráulicas (Augas de Galicia e Obras e Servizos Hidráulicos) ascendeu aos 139,1 millóns de euros (un 9,9% máis que o rexistrado en 2007) e Portos de Galicia rexistra un descenso do 8,9%, cun investimento de 34,8 millóns de euros.

No concernente aos principais programas das Direccións Xerais de Obras Públicas e de Transportes,

cadro 5.1.9., o investimento do programa de construción, conservación e explotación de estradas ascendeu no último ano a 363,5 millóns de euros, un 4,6% máis que o presupostado no ano anterior. O programa de ordenación e inspección do transporte terrestre, ascendeu ata os 12,5 millóns de euros, un 4,8% máis que en 2007.

Infraestruturas portuarias e aeroportuarias

O investimento real realizado por Portos de Galicia, en infraestruturas portuarias ascendeu a 34,8 millóns de euros no ano 2008, un 8,9% menos que o realizado por este organismo o ano anterior.

No que respecta ao investimento real realizado polo Ministerio de Fomento nas infraestruturas portuarias galegas, destacan, tal como mostra o **cadro 5.1.4.**, os

Parques empresariais: situación a 31-12-2008

	Denominación	Promotor	Estado actual
A Coruña			
Arteixo	Morás	Xestur A Coruña	Execución
Arteixo	Ampliación Arteixo. Fase A, B e C	Xestur A Coruña	Estudio
Arzúa	Arzúa 1ª Fase	Xestur A Coruña	Operativo, Esgotado
Arzúa	Arzúa 2ª Fase	Xestur A Coruña	Operativo, Venda
Boiro	Espiñeira 2ª Fase	Xestur A Coruña	Operativo, Venda
Boiro	Espiñeira 1ª Fase	Xestur A Coruña	Operativo, Esgotado
Camariñas	Camariñas	SEA	Aprobado
Carballo	Bértoa 1ª Fase	Xestur A Coruña	Execución
Carballo	Bértoa 2ª Fase	IGVS	Tramitación
Cedeira	A Trabe	Xestur A Coruña	Execución
Cee	Cee	SEA	Execución
Cerceda	O Acevedo (Ampliación)	IGVS	Redacción
Cerceda	Cerceda	IGVS	Operativo, Esgotado
Coirós	Coirós (Fase1, 2 e 3)	Xestur A Coruña	Operativo, Esgotado
Culleredo	Alvedro	IGVS	Operativo, Venda
Ferrol	Plataforma Loxística, Empresarial e Portuaria de Ferrol (Mandiá)	IGVS/AP.Ferrol	Tramitación
Ferrol	San Pedro de Leixa	SEA	Aprobado
Laracha	Lendo	SEA	Execución
Laxe	Laxe	SEA	Estudio
Malpica	Malpica	SEA	Adquisición de terreos
Melide	Melide (Fase2)	Xestur A Coruña	Operativo, Venda
Melide	Melide (Fase1)	IGVS	Operativo, Esgotado
Muros	Muros	SEA	Operativo, Venda
Negreira	Negreira, Covas	Xestur A Coruña	Execución, Venda
Noia	Augalevada	IGVS	Operativo, Venda
Ordes	Ordes (Fase1)	Xestur A Coruña	Operativo, Esgotado
Ordes	Ordes (Fase 2 -3)	Xestur A Coruña	Operativo, Venda
Oroso	Sigüeiro	Xestur A Coruña	Operativo, Esgotado
Ortigueira	Ortigueira	Xestur A Coruña	Operativo, Venda
Padrón	Padrón	Xestur A Coruña	Operativo, Esgotado
Pobra-Ribeira	Barbanza	IGVS	Tramitación
Riberia	Ribeira		Contratación
Ponteceso	Ponteceso (Fase1)	Xestur A Coruña	Operativo, Esgotado
Pontedeume	Vidriero-Campolongo	IGVS	Operativo, Venda
Pontes, As	Penapurreira (Polígono 1-Fase A)	Xestur A Coruña	Operativo, Esgotado
Pontes, As	Penapurreira (Polígono 1-Fase B)	Xestur A Coruña	Operativo, Esgotado
Pontes, As	Penapurreira (Polígono 2-Fase C)	Xestur A Coruña	Operativo, Venda
Pontes, As	Penapurreira (Etapa e ampliación plan)	IGVS	Tramitación
Rianxo	Rianxo	SEA	Adquisición de terreos
San Sadurniño	San Sadurniño	Xestur A Coruña	Tramitación
Santa Comba	Santa Comba	Xestur A Coruña	Operativo, Esgotado
Santiago	Santiago-Sionlla	IGVS	Execución
Santiago	Lavacolla	IGVS	Estudio
Santiago	Parque científico tecnolóxico	IGVS	Tramitación
Somozas, As	Somozas, As (Etapa A -Fase 1 a 4)	IGVS	Operativo, Venda
Touro	Touro	Xestur A Coruña	Tramitación
Viñanzos	Viñanzos	SEA	Operativo, Venda
Zas	Zas	IGVS	Tramitación

Lugo			
Alfoz-Valadouro	Alfoz-Valadouro	IGVS	Tramitación
Barreiros	Barreiros (Fase 2)	XESTUR LUGO	Operativo. Venda
Barreiros	Barreiros (Fase 1)	XESTUR LUGO	Operativo. Esgotado
Becerreá	Becerreá (Fase 2)	IGVS	Execución
Becerreá	Becerreá (Fase 1)	IGVS	Operativo. Esgotado
Begonte	Plataforma loxística Pacios-Baamonde	XESTUR LUGO	Execución
Begonte	Begonte	IGVS	Operativo. Esgotado
Bóveda	Bóveda 3ª Fase	XESTUR LUGO	Tramitación
Bóveda	Bóveda 1ª e 2ª Fase	XESTUR LUGO	Operativo. Venda
Burela	Burela	IGVS	Estudio
Castro de Rei	Castro de Ribeiras de Lea	XESTUR LUGO	Operativo. Esgotado
Castro de Rei	Castro de Ribeiras de Lea (Ampliación Fase 1)	XESTUR LUGO	Operativo. Esgotado
Castro de Rei	Castro de Ribeiras de Lea (Ampliación Fase 2)	XESTUR LUGO	Operativo. Esgotado
Cervo	Cuiña. Fase 3 - Etapa C	XESTUR LUGO	Operativo. Venda
Cervo	Cuiña. Fase 1 Etapa A	XESTUR LUGO	Operativo. Esgotado
Cervo	Cuiña. Fase 2. Etapa BD	XESTUR LUGO	Operativo. Esgotado
Corgo, O	Corgo, O	XESTUR LUGO	Operativo. Venda
Cospeito	Ampliación P.E. Muimenta	XESTUR LUGO	Tramitación
Cospeito	Muimenta	XESTUR LUGO	Operativo. Venda
Foz	Foz (Fase 2. Poligono 1)	XESTUR LUGO	Operativo. Venda
Foz	Foz (Fase 1. Poligono 1)	XESTUR LUGO	Operativo. Esgotado
Guitiriz	Guitiriz. Fase 1 (Etapa A-B)	IGVS	Operativo. Esgotado
Guitiriz	Guitiriz. Fase 2 (Etapa C)	XESTUR LUGO	Operativo. Venda
Lourenzá	Lourenzá. Fase 2	XESTUR LUGO	Execución
Lourenzá	Lourenzá. Fase 1	IGVS	Operativo. Esgotado
Lugo	As Gándaras	XESTUR LUGO	Execución
Lugo	INF-Lugo	IGVS	Operativo. Esgotado
Meira	Meira (Ampliación)	XESTUR LUGO	Tramitación
Meira	Meira	XESTUR LUGO	Operativo. Esgotado
Mondoñedo	Mondoñedo	SEA	Venda
Monforte de Lemos	Porto Seco	D.X. TRANSPORTES	Adquisición de terreos
Monterroso	Monterroso	IGVS	Operativo. Venda
Palas de Rei	Palas de Rei (1ª Fase)	IGVS	Operativo. Venda
Pastoriza, A	Pastoriza, A (Fase 2, Ampliación)	IGVS	Tramitación
Pastoriza, A	Pastoriza, A (Fase 1)	IGVS	Operativo. Esgotado
Pontenova, A	Pontenova, A (Ampliación)	XESTUR LUGO	Tramitación
Pontenova, A	Pontenova, A	XESTUR LUGO	Operativo. Venda
Quiroga	Quiroga (Fase 1-3)	IGVS	Operativo. Venda
Samos	Samos	IGVS	Tramitación
Taboada	Taboada	IGVS	Adquisición de terreos
Vilalba	Vilalba (Fase 1. Ampliación)	XESTUR LUGO	Operativo. Venda
Vilalba	Vilalba (Fase 1)	XESTUR LUGO	Operativo. Esgotado
Viveiro	Landrove	XESTUR LUGO	Execución
Xermade	Xermade (Fase 1)	IGVS	Operativo. Esgotado
Xermade	Xermade (Fase 2)	XESTUR LUGO	Operativo. Venda

5.1.10.b

Ourense			
Avión	Avión	Por determinar	Tramitación
Allariz	Allariz		Contratación
Bande-Lobeira-Entrimo	Baixa Limia	IGVS	Estudio
Barbadás	Barbadás	Por determinar	Estudio
Barco de Valdeorras	Barco de Valdeorras. 1ª Fase	IGVS	Operativo. Venda
Barco de Valdeorras	Barco de Valdeorras. 2ª - 3ª Fase	IGVS	Operativo. Venda
Barco de Valdeorras	Barco de Valdeorras. 4ª - 5ª Fase	IGVS	Aprobado
Carballada de Avia	Parque Medioambiental	IGVS	Tramitación
Carballido, O	Carballido, O. (Fase 2)	IGVS	Operativo. Venda
Castro Caldelas	Caldelas- Tribes	IGVS	Estudio
Celanova	Celanova. 1ª Fase	IGVS	Operativo. Venda
Celanova	Celanova. 2ª e 3ª	IGVS	Tramitación
Gudiña, A	Gudiña, A	Xestur Ourense	Tramitación
Nogueira de Ramuín	Nogueira de Ramuín	Xestur Ourense	Aprobado
Pereiro de Aguiar	(Poligono 2B)	Xestur Ourense	Execución
Pereiro de Aguiar	(Poligono 2A)	Xestur Ourense	Operativo. Esgotado
Pobra de Trives	Pobra de Trives	Xestur Ourense	Adquisición de terreos
Ribadavia	Ribadavia. 3ª Fase	IGVS	Tramitación
Ribadavia	Ribadavia. Poligono 2	IGVS	Operativo. Esgotado
Ribadavia	Ribadavia. Poligono 1	IGVS	Operativo. Venda
Riós	Riós	Xestur Ourense	Aprobado
Ruá de Valdeorras	Ruá de Valdeorras. (Fase 2)	Xestur Ourense	Tramitación
Rubiá	Rubiá	Xestur Ourense	Aprobado
San Cibrao das Viñas	C.T.M. (Fase 1)	IGVS	Operativo. Venda
San Cibrao das Viñas	C.T.M. (Fase 2)	Xestur Ourense	Execución
San Cibrao das Viñas	Modificación Puntual C.T.M. (Fase 2)	Xestur Ourense	Tramitación
San Cibrao das Viñas	C.T.M. (Fase III. Terminal inermodal)	Xestur Ourense	Aprobado
San Cibrao das Viñas	Parque Tecnolóxico (Ampliación)	Xestur Ourense	Tramitación
Taboadela- Paderne de Allariz	Campus Industrial de Paderne de Allariz	IGVS	Tramitación
Taboadela- Paderne de Allariz	Plan Territorial integrado Val da Rabeda	IGVS	Tramitación
Taboadela- Paderne de Allariz	Val da Rabeda (Sector suroeste Taboadela I)	IGVS	Tramitación
Verín	Pazos (Ampliación P.1.)	Xestur Ourense	Tramitación
Verín	Tamagos	IGVS	Tramitación
Viana do Bolo	Viana do Bolo	Xestur Ourense	Tramitación
Vilamarín	Vilamarín	Xestur Ourense	Operativo. Venda
Xinzo de Limia	Fase 1, 2, 3	Xestur Ourense	Adquisición de terreos
Xinzo de Limia	Xinzo de Limia (Fase 1,2,3)	Xestur Ourense	Operativo. Esgotado
Xunqueirade Ambia	Xunqueirade Ambia	IGVS	Estudio

5.1.10.c

Pontevedra			
Arbo	Arbo (Fase 2)	Xestur Pontevedra	Execución e Venda
Arbo	Arbo (Fase 1)	Xestur Pontevedra	Operativo. Esgotado
Buei	Castiñeiras (Fase 1-2)	Xestur Pontevedra	Operativo. Esgotado
Bueu-Cangas	O Morrazo	IGVS / AP Vigo	Tramitación
Catoira	Abalo	SEA	Operativo. Venda
Crecente	Crecente	Xestur Pontevedra	Tramitación
Curtis	Curtis	Xestur Pontevedra	Tramitación
Estrada, A	Cidade do Moble	Xestur Pontevedra	Tramitación
Gondomar	A Pasaxe	IGVS	Tramitación
Guarda, A- Rosal, O	A Guarda - O Rosal	SEA	Adquisición de terreos
Lalín	Lalín (Fase 4)	IGVS	Tramitación
Lalín	Lalín (Fase 2)	IGVS	Operativo. Esgotado
Lalín	Lalín 2000 (Fase 1)	IGVS	Operativo. Esgotado
Lalín	Lalín 2000. Ampliación (Fase 3)	IGVS	Operativo. Venda
Mos	Veigadaña	Xestur Pontevedra	Execución e Venda
Mos	A Arroufana (Mos II)	Xestur Pontevedra	Tramitación
Poio	Fragamoreira	IGVS	Tramitación
Ponteareas	Val do Tea	IGVS	Tramitación
Pontecaldeas	A Reigosa	Xestur Pontevedra	Execución e Venda
Pontecaldeas	Centro de Transportes e Terminal Intermodal	IGVS	Venda
Pontecesures	Pontecesures	IGVS	Tramitación
Pontevedra	Campiño	IGVS	Operativo. Esgotado
Pirriño	Centro de Excelencia en Electrónica Vehículos Intelixentes	IGVS	Aprobado
Salvaterra-As Neves	Área de Actividade CI, Área Loxística Inermodal LI, Área Loxística e de Transformación LT e a Área de Actividades MI	Autoridade Portuaria de Vigo	Execución e Venda
Salvaterra-As Neves	Área de Actividades MI (Plisan Este)	Consorcio da Zona Franca de Vigo	Execución e Venda
Salvaterra-As Neves	Área de Loxístico-Empresarial (Plisan Norte)	Xestur Pontevedra	Execución e Venda
Salvaterra-As Neves	Centro Integrado de Servizos (Plisan Centro)	Xestur Pontevedra-Consorcio da Zona Franca de Vigo	Execución e Venda
Silleda	Silleda (Fase 1 Ampliación)	Xestur Pontevedra	Operativo. Esgotado
Silleda	Silleda (Fase 1)	Xestur Pontevedra	Operativo. Esgotado
Silleda	Silleda (Fase 2 - Área 33)	Xestur Pontevedra	Operativo. Venda
Tomiño	Tomiño	Xestur Pontevedra	Aprobado
Tui	Tui	IGVS	Operativo. Esgotado
Vigo-Gondomar	A Pasaxe	Xestur Pontevedra	Tramitación
Vigo-Redondela	Ameal- Aeroporto de Vigo	Xestur Pontevedra	Tramitación
Vilagarcía de Arousa	O Pousadoiro (Ampliación)	Xestur Pontevedra	Tramitación
Vilagarcía de Arousa	O Pousadoiro	Xestur Pontevedra	Operativo. Esgotado
Vilagarcía de Arousa	Trabanca		Operativo E
Vilanova de Arousa	Vilanova II	SEA	Adquisición de terreos
Vilanova de Arousa	Vilanova (Baión)	SEA	Execución e Venda
Vilanova de Arousa/ Vilagarcía	Tremoedo (Vilanova III)	Xestur Pontevedra	Tramitación

Fonte: *Consellería de Vivenda e Solo*

5.1.10.d

investimentos nos accesos ao porto de Vilagarcía (11,1 millóns de euros de obrigas recoñecidas no ano 2008) e o acceso ao porto de Ferrol en cabo Prioriño (21,1 millóns de euros de obrigas recoñecidas acadando o 61,2% do orzamento inicial).

No caso das infraestruturas aeroportuarias, AENA investiu nos tres aeroportos galegos un total de 69 millóns de euros, dos que 27,1 millóns corresponden ao aeroporto de Vigo e 26 e 18,9 millóns aos aeroportos de Santiago e A Coruña, respectivamente. O investimento en Galicia no ano 2008 supuxo o 2,8% do investimento total realizado por AENA no conxunto do estado.

Parques tecnolóxicos e empresariais

Galicia presenta un elevado déficit de solo industrial e empresarial, especialmente en áreas dinámicas de Galicia, o que constitúe un elemento limitador do seu

desenvolvemento económico. Segundo os datos facilitados pola Consellería de Vivenda e Solo, a 31 de decembro de 2008 había un total de 170 parques empresariais, 47 na provincia de A Coruña, 45 en Lugo, 40 na provincia de Pontevedra e 38 en Ourense. Dos 170 parques existentes na Comunidade Autónoma no ano 2008, 80 están vendidos ou en proceso de venda de parcelas (o 37,5% na provincia de Lugo), 16 son parques en obras de urbanización, 17 son parques con proxecto aprobado ou en fase de adquisición/expropiación de terreos, 43 son parques empresariais co seu proxecto rematado en tramitación e 14 son parques co proxecto en redacción e/ou en estudio.

Sociedade do coñecemento

Dende o punto de vista funcional, o 10,7% dos orzamento consolidado para 2008 da Administración Xeral e dos Organismos Autónomos, corresponde á

Orzamentos do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información 2007-10: distribución segundo estratexias operativas

	2008		Acumulado dende 2007		Previsto 2007-2010
	Executado	Previsto	Executado	Previsto	
	<i>(en millóns de euros)</i>				
Estratexias transversais					
Infraestrutura para a S.I.	31,7	25,3	57,1	52,4	98,1
Interoperabilidade, seguridade e coñecemento aberto	2,7	1,2	4,5	1,9	4,3
Contidos e servizos	14,5	6,6	26,3	10,2	26,1
Estratexias sectoriais					
Desenvolvemento do sector empresarial da S.I.	24,6	31,0	56,7	56,7	140,0
Aplicación das TIC polo tecido empresarial	18,7	12,8	36,4	23,1	50,2
Servizos públicos de calidade	77,9	69,3	138,2	124,5	285,1
Inclusión e sostibilidade	11,3	10,1	23,4	19,6	41,1
Estratexias instrumentais					
Instrumentos para a xestión destas políticas públicas	2,8	7,1	5,0	11,2	21,6
Total	184,1	163,3	347,6	299,7	666,4

Fonte: Consellería de Innovación e Industria, Informe de Seguimento do PEGSI- Ano 2007

5.1.11.

produción de bens públicos de carácter económico, e dentro deste, 31,2 millóns de euros destínanse á sociedade da información e do coñecemento. A meirande parte do presuposto vai destinado á innovación e industria (27,6 millóns de euros) dentro do programa de “fomento da sociedade da información e do coñecemento (571A).

No ano 2007 aprobouse no Parlamento Galego o Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) 2007-10, que marca como obxectivo principal o de contribuír ao desenvolvemento económico e social de Galicia, aproveitando as vantaxes que ofrecen as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC). No segundo ano de aplicación, o investimento directo ascendeu a 184,1 millóns de euros, un 12,7% superior ao inicialmente previsto para o 2007 (**cadro 5.1.11.**).

Á hora de analizar os distintos indicadores do grao de

penetracións das TIC nos fogares e empresas galegas, e dada a existencia dunha notable conexión entre a tecnoloxía, a formación e a competitividade, cómpre facer referencia ao nivel educativo e formativo.

Os datos da Enquisa de poboación activa reflicten que en Galicia, en 2008, a porcentaxe de persoas maiores de 16 anos con estudos superiores era do 22,1% (lixeramente superior no caso das mulleres). No caso das persoas con estudos de secundaria (primeira e segunda etapa), representan en conxunto o 42,6%, acadando o 46,7% no caso dos homes e o 39%, no das mulleres. En relación ao conxunto do Estado, o peso relativo das persoas con estudos superiores é do 6% (6,3% no caso das mulleres e 5,7% nos homes), e do 5,9% no caso da educación secundaria (6% e 5,8% no que aos homes e mulleres se refire, respectivamente).

Ao igual que o conxunto do alumnado universitario en

Alumnado matriculado e graduado en ciencias experimentais e técnicas nas universidades galegas e españolas

	matriculados 1º e 2º ciclo			graduados		
	cursos			cursos		
	06-07 (A)	07-08 (B)	(B-A)	05-06 (A)	06-07 (B)	(B-A)
A Coruña						
CC. Experimentais	915	819	-96	108	104	-4
Ensinanzas técnicas	9.006	8.665	-341	951	946	-5
Santiago de Compostela						
CC. Experimentais	3.053	2.840	-213	449	415	-34
Ensinanzas técnicas	3.223	2.954	-269	566	647	81
Vigo						
CC. Experimentais	1.522	1.299	-223	123	220	97
Ensinanzas técnicas	7.363	6.814	-549	939	980	41
Galicia						
CC. Experimentais	5.490	4.958	-532	680	739	59
Ensinanzas técnicas	19.592	18.433	-1159	2.456	2.573	117
España						
CC. Experimentais	94.210	91.021	-3.189	12.737	12.594	-143
Ensinanzas técnicas	363.580	347.692	-15.888	40.844	43.107	2.263
Galicia / España (%)						
CC. Experimentais	5,8	5,4		5,3	5,9	
Ensinanzas técnicas	5,4	5,3		6,0	6,0	

Fonte: Ministerio de Ciencia e Innovación

5.1.12.

Galicia, o número de persoas matriculadas en ciencias experimentais e ensinanzas técnicas, pilar da sociedade do coñecemento, segue a tendencia descendente dos últimos cursos. O **cadro 5.1.12.** amosa que o número de alumnos matriculados foi de 23.391 persoas, 1.691 alumnos menos que no curso anterior, sendo esta caída novamente moito máis acusada que no conxunto do Estado (6,7% e 4,2%, respectivamente). Nas ciencias experimentais matriculáronse un total de 4.958 alumnos (o 21,2% das devanditas ramas) e nas ensinanzas técnicas, 18.433 alumnos (o 78,8%).

O equipamento en tecnoloxías de información e a comunicación continúa, con carácter xeral, a súa tendencia á alza tanto nos fogares galegos coma espa-

ñois. Os datos recollidos no **cadro 5.1.13.** reflicten que no último ano cambia a tendencia existente en anos anteriores en canto ao proceso de substitución do teléfono fixo polo móbil, así no ano 2008 aumenta en 0,9 puntos porcentuais a implantación de teléfono fixo paralelamente ao incremento de 0,3 puntos porcentuais do móbil.

O 53,6% dos fogares galegos dispoñían en 2008 dalgún tipo de ordenador e un 39,7% dos fogares tiñan acceso a internet (32,3% en 2007). A pesar desta medra, Galicia atópase moi lonxe da media estatal (51% dos fogares con acceso a internet), e se sitúa coma a segunda comunidade autónoma con menor dispoñibilidade de ordenador tras Extremadura, e no

Indicadores das tecnoloxías da información e da comunicacións (TIC) en Galicia e España 2007-08

	Galicia		España	
	2007	2008	2007	2008
	(%)			
Fogares				
Fogares equipados con ordenador	51,6	53,6	60,4	63,6
Fogares con acceso a internet	32,3	39,7	44,6	51,0
Fogares con conexión de banda ampla	25,7	31,8	39,2	44,6
Fogares equipados con teléfono fixo	80,9	81,8	81,2	81,3
Fogares equipados con teléfono móbil	86,6	87,0	90,9	92,1
Empresas				
Ordenadores	96,7	97,8	98,1	97,8
Rede de Área Local (LAN)	66,8	76,6	70,9	78,5
Rede de Área Local sin fios	22,6	29,7	26,6	29,2
Conexión a Internet	90,2	93,4	94,3	94,9
correo electrónico	88,8	91,9	92,4	93,3
Acceso a internet mediante banda ampla	91,6	93,7	95,2	97,1
Interactúan coas Administracións Públicas mediante internet	60,3	64,1	61,7	67,1
Conexión a internet e sitio páxina web	51,6	55,0	51,9	57,5
Con páxina web que usan sistemas seguridade actualizados nos 3 meses anteriores	86,1	85,6	82,4	88,2
Novas tecnoloxías				
Persoas que usan teléfono móbil	78,7	81,9	86,5	88,8
Persoas 16 a 74 anos que empregaron ordenador	46,6	52,1	57,2	61,0
Persoas 16 a 74 anos que se conectaron a internet (últimos 3 meses)	43,0	47,6	52,0	56,7
Persoas 16 a 74 anos que mercaron por internet (últimos 3 meses)	9,5	37,9	13,0	13,3
	(nenos 10 a 15 anos = 100)			
Nenos de 10 a 15 anos que empregaron ordenador (últimos 3 meses)	90,9		92,8	
Nenos de 10 a 15 que se conectaron a internet (últimos 3 meses)	74,5		76,8	
Nenos de 10 a 15 que dispoñen de teléfono móbil	64,4		64,7	

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e INE

5.1.13.

último lugar en canto a porcentaxe de vivendas con acceso a internet.

Do conxunto de fogares con acceso a internet en Galicia (357,1 miles de fogares), o 31,8% pode conectarse por banda ampla, no conxunto do Estado, a porcentaxe de fogares con este tipo de conexión é do 44,6%.

O 52,1% da poboación galega de 16 a 74 anos empregou o ordenador nos tres meses anteriores ás enquisas, situándose esta porcentaxe no 47,6% no caso das persoas que se conectaron a internet. Un 37,9% da poboación de 16 a 74 anos mercou produtos e servizos

a través de internet, cifra que representa unha medra de 28,4 puntos porcentuais respecto á media do ano 2007. No conxunto do Estado, esta porcentaxe foi do 13,3%, 0,36 puntos por riba do rexistrado no ano anterior.

En relación aos usos de tecnoloxías da información e as comunicacións nas empresas, o uso de ordenadores está estendido na práctica totalidade das mesmas. O 93,4% das empresas galegas de dez ou máis asalariados dispón de conexión a internet en xaneiro de 2008, 3,2 puntos máis que na mesma data do ano anterior, das que o 93,7% accede a través dalgún tipo de banda ampla.

A porcentaxe de empresas galegas que dispón de sitio/páxina web en Galicia foi de 55%,34 puntos porcentuais superior á media do ano pasado en Galicia, pero por debaixo en 2,5 puntos porcentuais da media no conxunto do Estado (57,5%), e a de empresas con páxina web que empregan sistemas de seguridade actualizados nos tres meses anteriores á enquisa foi do 85,6%, 2,6 puntos por debaixo da media estatal. ■

5.2.- Investigación e tecnoloxía

Ao longo do ano 2008 redúcese a orientación científico-académica da actividade investigadora en Galicia. O entorno público (universidades e administración pública) concentra nese ano o 44,6% do gasto interno en I+D e o 62,3% do persoal empregado nestas actividades, cando no ano anterior esas porcentaxes eran do (55,9% e 63,5%, respectivamente). Asemade, cómpre salientar o mantemento dunha asignación de recursos netamente inferior á media española.

O incremento do gasto interno en I+D do 23,6% en relación ao ano anterior, reduciu a brecha con respecto ao Estado no que ao esforzo investidor se refire. Galicia dedicou o 1,03% do seu PIB a estas actividades, sendo o 1,27% a media española e o 1,83% a media en Europa (UE 27). O gasto interno por habitante e en termos de persoal ocupado en equivalencia a xornada completa representa o 67,9% e o 96,8% da media española, respectivamente. Asemade, o gasto en I+D por investigador medrou un 18,5% en 2007, representando o 94,3% da media estatal (84,9% en 2006).

Ao longo do último ano aumentou o número de solicitudes de invencións (patentes e modelos de utilidade), aumentando o seu peso relativo sobre o total estatal ata o 4,2%. Este nivel hai que consideralo como baixo, sobre todo, si se compara coa importancia relativa galega en termos de poboación ou de actividade económica.

Indicadores de I+D+i

O incremento do 23,6% dos recursos empregados nas actividades de I+D en Galicia, ao longo do exercicio

2007 reduce a brecha co resto do Estado no que ao esforzo investidor en investigación e desenvolvemento tecnolóxico se refire. O gasto interno galego ascendeu ata aos 555,6 millóns de euros, sendo a participación do gasto en I+D no PIB do 1,03%, por baixo da media estatal, que é do 1,27%. O gasto galego per cápita ascendeu a 200,4 euros, o 67,9% da media española, e o investimento por persoa ocupada nestas actividades en xornada completa, a 64,2 miles de euros (96,8% da media estatal).

O peso relativo do investimento galego no total estatal aumenta lixeiramente ata o 4,2%, catro décimas máis que no ano precedente. Ao igual que en anos anteriores, mantense a elevada concentración deste gasto en poucas comunidades autónomas, ao acoller Cataluña e Madrid o 48,75 do gasto total interno en I+D e soamente cinco CC.AA. (as devanditas Cataluña e Madrid, xunto a Andalucía, País Vasco e a C. Valenciana) o 76,2% do gasto interno (77,2% en 2006).

O ano 2007 supuxo unha certa aproximación aos niveis medios do conxunto do Estado, así como un cambio no predominio existente do investimento público sobre o privado, así o gasto interno en I+D do sector privado en Galicia (307,7 millóns de euros) supuxo o 55,4% do gasto interno en I+D da Comunidade Autónoma (56% en España), forte ao gasto no sector público (universidades e administración pública), que acadou os 248 millóns de euros, o 44,6% do gasto total.

No último ano, Galicia sitúase como a sétima comuni-

Orzamento das funcións de I+D+i e da Sociedade da Información e do Coñecemento para o exercicio 2008: distribución segundo programa e Consellería

	561-A	561-B	571-A	581-A	Total	
	<i>(en miles de €)</i>				<i>(%)</i>	
Innovación e Industria	69.321,6	42.407,1	27.624,5	-	139.353,1	87,5
Medio Rural	10.366,4	-	-	280,0	10.646,4	6,7
Pesca e Asuntos Marítimos	7.144,2	-	-	120,0	7.264,2	4,6
Medio Ambiente e Desenv. Sostible	2.087,3	-	-	-	2.087,3	1,3
TOTAL	88.919,5	42.407,1	27.624,5	400,0	159.351,0	100

561 A- Plan Galego de Investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica

561 B- Investigación universitaria

571 A- Fomento da sociedade da información e do coñecemento

572 A- Desenvolvemento infraestruturas e empresarial da sociedade

Fonte: Xunta de Galicia, Orzamentos xerais da C.A.

5.2.1.

Gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA. 2006-07


	2006		2007 (2)		07/06	
	Gastos internos	Persoal (1)	Gastos internos	Persoal (1)	Gastos internos	Persoal (1)
	<i>(miles de €)</i>		<i>(miles de €)</i>		<i>(%)</i>	
Andalucía	1.213.816	21.009	1.478.545	22.103	21,8	5,2
Aragón	263.428	5.886	296.894	6.522	12,7	10,8
Asturias	188.113	2.990	211.704	3.152	12,5	5,4
Baleares	70.655	1.354	86.793	1.557	22,8	15,0
Canarias	254.510	4.836	266.803	4.514	4,8	6,7
Cantabria	98.100	1.601	117.464	1.817	19,7	13,5
Castela e León	511.334	9.219	620.717	9.763	21,4	5,9
Castela-A Mancha	155.704	2.269	213.959	2.899	37,4	27,8
Cataluña	2.614.383	40.867	2.908.727	43.037	11,3	5,3
C. Valenciana	913.161	15.722	977.590	17.811	7,1	13,3
Estremadura	117.288	1.808	128.964	1.864	10,0	3,1
Galicia	449.522	8.281	555.626	8.659	23,6	4,6
Madrid	3.415.991	48.036	3.584.130	49.973	4,9	4,0
Murcia	192.516	5.032	247.556	5.755	28,6	14,4
Navarra	316.978	5.277	333.872	4.881	5,3	7,5
País Vasco	959.393	13.714	1.216.726	15.571	26,8	13,5
A Rioxa	75.127	993	90.205	1.174	20,1	18,3
Ceuta e Melilla	5.202	84	6.098	58		
Total	11.815.221	188.978	13.342.373	201.108	12,9	6,4

(1) persoal en equivalencia a xornada completa

(2) datos provisionais

Fonte: INE, Estadística sobre actividades de I+D

5.2.2.



5.2.3.

Importancia relativa dos gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA. 2006-07

	2006		2007	
	Gastos internos / PIB (1)	Persoal en I+D / 1.000 activos (2)	Gastos internos / PIB (1)	Persoal en I+D / 1.000 activos (2)
	(%)	(%)	(%)	(%)
Andalucía	0,89	5,9	1,02	5,9
Aragón	0,87	9,5	0,90	10,0
Asturias	0,88	6,4	0,93	6,6
Baleares	0,29	2,6	0,33	2,9
Canarias	0,65	4,8	0,64	4,4
Cantabria	0,79	5,9	0,88	6,6
Castela e León	0,97	8,0	1,10	8,4
Castela-A Mancha	0,47	2,6	0,60	3,1
Cataluña	1,42	11,0	1,48	11,3
C. Valenciana	0,95	6,6	0,96	7,2
Extremadura	0,72	3,9	0,74	3,9
Galicia	0,89	6,5	1,03	6,7
Madrid	1,96	14,8	1,93	15,2
Murcia	0,76	7,6	0,92	8,3
Navarra	1,91	17,5	1,88	16,1
País Vasco	1,58	12,9	1,88	14,7
A Rioxa	1,04	6,4	1,16	7,4
Ceuta e Melilla	0,19	1,6	0,20	1,0
Total	1,20	8,7	1,27	9,0

(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes
(2) persoal en equivalencia a xornada completa e activos para o 4º trimestre de cada ano
Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir de datos do INE

5.2.4.

Gasto interno en I+D nas CC.AA. 2007: distribución segundo sector

	Total		Sector privado (1)		Sector Público (2)	
	(en miles de €)	(en miles de €)	(% sobre total)	(en miles de €)	(% sobre total)	
Andalucía	1.478.545	548.771	37,1	929.774	62,9	
Aragón	296.894	164.049	55,3	132.845	44,7	
Asturias	211.704	96.839	45,7	114.865	54,3	
Baleares	86.793	20.875	24,1	65.918	75,9	
Canarias	266.803	60.536	22,7	206.267	77,3	
Cantabria	117.464	43.830	37,3	73.634	62,7	
Castela e León	620.717	366.067	59,0	254.650	41,0	
Castela-A Mancha	213.959	106.281	49,7	107.678	50,3	
Cataluña	2.908.727	1.833.012	63,0	1.075.715	37,0	
C. Valenciana	977.590	388.923	39,8	588.667	60,2	
Extremadura	128.964	21.286	16,5	107.678	83,5	
Galicia	555.626	307.669	55,4	247.957	44,6	
Madrid	3.584.130	2.121.436	59,2	1.462.694	40,8	
Murcia	247.556	126.220	51,0	121.336	49,0	
Navarra	333.872	219.201	65,7	114.671	34,3	
País Vasco	1.216.726	991.618	81,5	225.108	18,5	
A Rioxa	90.205	57.489	63,7	32.716	36,3	
Ceuta e Melilla	6.098	836	13,7	5.262	86,3	
Total	13.342.373	7.474.938	56,0	5.867.435	44,0	

(1) empresas e institucións privadas sen fins de lucro
 (2) administración e ensino superior

Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

5.2.5.

dade autónoma coa maior importancia relativa do gasto público.

No concernente ao persoal empregado en Galicia nas actividades de I+D, este aumenta en 2007 ata as 8.659 persoas (**cadro 5.2.7.**), o que representa o 4,3% do total estatal, mentres que a importancia relativa do número de investigadores empregados en I+D foi do 4,4% dos investigadores en España (5.414 investigadores en Galicia). Nese ano había en Galicia un total de 6,7 persoas ocupadas nestas actividades por cada mil activos fronte ás 9 persoas por cada mil activos de media no conxunto do Estado.



Tendo en conta a medra do gasto interno en I+D e o incremento nun 4,3% do número de investigadores

(medra en España un 5,9%), o gasto medio en I+D por investigador, aumenta un 18,5% respecto ao ano anterior. En 2007, o gasto por investigador ascendeu a 102.627,6 euros, o 94,3% da media estatal, cando no ano anterior esta porcentaxe era do 84,9%.

No último ano o sector público acolleu o 62,3% do persoal empregado nestas actividades, cando no conxunto do Estado a súa importancia relativa ascendía ao 56,2%. Tal como reflicte o **cadro 5.2.6.**, respecto aos datos de 2006, tanto en Galicia coma en España descende o peso relativo do sector público no emprego total.

O investimento da Xunta de Galicia presupostado na función 56 de Investigación desenvolvemento e inno-

Gasto interno e persoal empregado nas actividades de I+D en Galicia e España 2002-07: distribución segundo sector



Fonte: INE, Estadística sobre actividades de I+D

Persoal empregado nas actividades de I+D nas CC.AA. 2007: distribución segundo sector

	Total		Sector privado (1)		Sector Público (2)	
	Total	Investigadores	Total	Investigadores	Total	Investigadores
Andalucía	22.103	13.233	5.770	2.529	16.333	10.704
Aragón	6.522	4.549	2.559	1.162	3.963	3.387
Asturias	3.152	2.013	1.344	638	1.809	1.376
Baleares	1.557	1.095	398	173	1.160	922
Canarias	4.514	3.256	603	341	3.911	2.915
Cantabria	1.817	1.207	704	350	1.113	857
Castela e León	9.763	6.227	3.997	1.932	5.766	4.296
Castela-A Mancha	2.899	1.649	1.339	623	1.560	1.026
Cataluña	43.037	25.063	22.928	10.356	20.109	14.708
C. Valenciana	17.811	10.702	6.329	2.826	11.482	7.876
Extremadura	1.864	1.262	269	131	1.595	1.131
Galicia	8.659	5.414	3.267	1.535	5.392	3.879
Madrid	49.973	29.497	22.033	11.349	27.940	18.149
Murcia	5.755	3.979	1.585	624	4.171	3.355
Navarra	4.881	2.983	2.699	1.154	2.182	1.829
País Vasco	15.571	9.816	11.631	6.458	3.940	3.358
A Ríoxa	1.174	627	585	218	590	409
Ceuta e Melilla	58	54	5	2	52	51
Total	201.108	122.624	88.041	42.399	113.067	80.225

(1) Inclúe empresas e Institucións privadas sen fin de lucro

(2) Inclúe Administración e Ensino Superior

 Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

5.2.7.

vación dentro do grupo de función 5 de produción de bens públicos de carácter económico, ascendeu en 2008 a 131.326,6 miles de euros, o que supón un incremento do 10,1% respecto ao ano anterior. Dese importe, 88.919,5 miles de euros corresponden ao programa 561A "Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica" (3.369,3 miles de euros máis que en 2007) e 42.407,1 miles de euros, ao programa 561B "Investigación universitaria".

O deseño, planificación e financiamento da innovación e a investigación nos sectores produtivos, favorecido pola Administración autonómica galega, atópase distribuído entre catro consellerías: Innovación e Industria; Medio Rural; Pesca e Asuntos Marítimos; e finalmente, Medio Ambiente e Desenvolvemento

Sostible, (en virtude do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, as citadas consellerías pasan a denominarse respectivamente Consellería de Economía e Industria, Medio Rural, do Mar e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas). Esta actuación en materia de I+DT complétase coas actuacións do Igape neste ámbito.

Xunto ao financiamento do Plan galego existen fondos provenientes doutras fontes, como o Plan estatal, a UE, outras institucións públicas ou privadas e empresas.

O Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), axencia xestora de recursos crediti-

**Orzamentos de gastos da Xunta de Galicia en investigación, desenvolvemento e innovación
2007-08**

	<u>2007</u>	<u>2008</u>	<u>08/07</u>
	<i>(en miles de €)</i>		<i>(%)</i>
561A Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	85.550,3	88.919,5	3,9
Innovación e Industria	67.710,7	69.321,6	2,4
Medio Rural	9.254,0	10.366,4	12,0
Pesca e Asuntos Marítimos	6.770,6	7.144,2	5,5
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	1.815,0	2.087,3	15,0
561B Investigación universitaria	33.746,8	42.407,1	25,7
Innovación e Industria	33.746,8	42.407,1	25,7
56.- Investigación, desenvolvemento e innovación	119.297,1	131.326,6	10,1

Fonte: Xunta de Galicia, Orzamentos xerais da C.A.

5.2.8.

Proxectos aprobados polo CDTI nas CC.AA. 2007-08

	<u>2007</u>			<u>2008</u>		
	<u>Proxectos</u>	<u>Achega CDTI</u>	<u>Presuposto total</u>	<u>Proxectos</u>	<u>Achega CDTI</u>	<u>Presuposto total</u>
	<i>(en miles de €)</i>			<i>(en miles de €)</i>		
Andalucía	32	20.919,8	44.972,5	48	30.016,2	56.248,4
Aragón	57	33.203,4	63.651,4	78	43.221,3	71.790,0
Asturias	30	17.635,5	32.782,4	28	14.264,2	24.148,3
Baleares	5	2.981,1	6.585,7	4	1.842,6	3.277,8
Canarias	4	1.241,3	1.987,5	5	1.679,7	2.972,6
Cantabria	22	13.588,2	30.529,4	22	8.849,0	15.377,2
Castela-A Mancha	27	25.326,4	47.674,0	34	17.867,3	30.864,4
Castela e León	66	44.544,9	94.140,4	46	25.546,1	41.794,9
Cataluña	258	173.470,0	328.039,7	257	131.127,9	224.435,9
C. Valenciana	107	62.683,1	129.375,2	93	45.009,6	74.874,3
Extremadura	16	9.753,1	18.067,4	15	8.013,5	12.624,1
Galicia	15	8.070,7	14.185,7	27	13.265,5	23.930,9
A Rioxa	22	16.327,8	31.413,3	12	3.888,1	7.479,8
Madrid	155	113.758,1	209.161,2	128	90.582,9	155.043,5
Murcia	39	20.948,3	39.390,6	38	20.731,6	32.474,9
Navarra	91	54.468,0	112.341,8	105	50.805,2	120.713,2
Pais Vasco	134	91.100,5	172.037,7	170	86.882,2	153.725,6
Total	1.080	710.020,2	1.376.335,9	1.110	593.593,0	1.051.775,6

Fonte: Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI)

5.2.9.

cios destinados ao financiamento de proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación entre empresas españolas, concedeu créditos para 27 proxectos en Galicia (o 2,4% dos proxectos no conxunto do Estado). Segundo os datos recollidos no **cadro 5.2.9.**, o investimento total destes proxectos en Galicia medrou de xeito considerable, acadando os 23,9 millóns de euros, cunha achega do CDTI, en forma de créditos sen xuro, por 13,3 millóns de euros. Tras este incremento do número de proxectos, o presuposto total e a achega pública aumentaron nun 64,4% e nun 69% respectivamente, mentres que no conxunto do Estado, o presuposto total descendeu un 23,6% e a achega pública, un 16,4%.

Dos 27 proxectos aprobados para o último ano, doce pertencen á área das tecnoloxías de alimentación, biotecnoloxía e saúde, seguidas polas tecnoloxías da información e das comunicacións, con seis. En termos orzamentarios, os doce proxectos da área tecnolóxica de alimentación, biotecnoloxía e saúde acollen o 48,1% da aportación pública (6,4 millóns de euros).

• Propiedade industrial

O número de solicitudes de invención (patentes vía estatal e modelos de utilidade) rexistradas en Galicia incrementouse en 2008. Neste último ano, rexistráronse 255 solicitudes, 33 máis que no ano precedente, polo que a actividade inventiva, medida a través da ratio de solicitudes de invencións/millón de habitantes, creceu ata as 91,7 solicitudes. Comparado co conxunto do Estado, Galicia acolle o 4,2% das solicitudes (3,9% no ano anterior), situándose a actividade inven-

tiva por baixo da media estatal, que medrou ata as 132,5 solicitudes por millón de habitantes.

O número de patentes estatais solicitadas -que conceden a explotación exclusiva unicamente no territorio español- en Galicia incrementouse no último ano ata as 176, o que representa o 4,9% do total estatal. Tras un ascenso de 46 solicitudes respecto aos datos de 2007, a comunidade autónoma presenta unha actividade creativa de 63,2 solicitudes por millón de habitantes, cando a media española foi de 78 solicitudes.

Asociado ao aumento do número de solicitudes realizadas polos residentes en España, en 2008 aumentaron as concesións ata as 93 patentes (o 4,6% do total estatal), das que vinte e cinco corresponden á sección "técnicas industriais diversas, transporte", e vinte e dúas á de "necesidades correntes da vida". Comparado co total estatal, cómpre salientar que a importancia relativa das seccións "electricidade", co 6,9%, e "física", co 5,7%.

Asemade, no último ano presentáronse 6 solicitudes de patentes europeas, o 1,3% do total estatal, e 32 solicitudes de ámbito mundial (PCT), o 3% das solicitudes no conxunto do Estado.

O número de solicitudes de modelos de utilidades descendeu en Galicia ata as 79, trece menos que no ano anterior. Tras esta caída, a súa importancia relativa no conxunto do Estado acadou o 3,1% e a ratio solicitudes por cada millón de habitantes, as 28,5 solicitudes (54,4 no conxunto do Estado). As concesións de modelos de utilidade publicadas en Galicia en 2008

Estadísticas da propiedade industrial nas CC.AA. 2008 (1)

	Solicitudes de patentes			Modelos de utilidade	Deseño industrial	Marcas	Nomes comerciais e rótulos de establecementos
	Vía nacional	Vía europea (2)	Patentes PCT (2)				
Andalucía	433	16	120	226	133	5.620	1.073
Aragón	204	11	26	103	28	1.161	200
Asturias	60	7	11	45	24	735	177
Baleares	53	1	5	33	37	1.028	202
Canarias	59	-	13	47	52	1.790	294
Cantabria	22	2	7	9	13	434	23
Castela-A Mancha	60	3	21	68	50	1.166	164
Castela e León	108	22	28	62	29	1.869	283
Cataluña	756	168	222	732	210	9.658	693
C. Valenciana	394	28	146	403	303	4.823	709
Extremadura	32	-	5	17	6	521	102
Galicia	176	6	32	79	70	2.238	286
Madrid	797	76	258	375	263	12.161	1.091
Murcia	70	6	20	97	57	1.154	183
Navarra	111	9	51	60	18	656	84
País Vasco	230	59	81	133	49	2.299	227
A Ríoxa	27	7	5	22	27	444	48
Ceuta e Melilla	2	-	-	0	4	89	9
Non consta	5	-	-	0	4	4	0
Estranxeiros	-	55	13	-	-	-	-
Enviada a OMPI ou anulado	-	1	1	-	-	-	-
Total	3.599	477	1.065	2.511	1.377	47.850	5.848

(1) Avance de resultados
(2) Solicitudes de patentes de ámbito mundial (PCT) presentadas en España por CC.AA. de residencia
Fonte: Oficina Española de Patentes y Marcas

5.2.10.

ascendeu ata as 85 (o 3,4% das concesións publicadas en España), das que dúas seccións, necesidades correntes da vida e técnicas industriais diversas, transporte acollen o 57,6% das concesións galegas (59,3% no conxunto do Estado).

Indicadores de alta tecnoloxía

A proporción de persoas empregadas en sectores de alta e media alta tecnoloxía sobre o total de ocupados en Galicia en 2007 (último dato dispoñible) ascende a

6,2%, un punto e unha décima por baixo da importancia relativa media no conxunto do Estado.

O valor engadido bruto xerado polos 1.166 establecementos englobados dentro dos sectores manufactureros de alta e media tecnoloxía, 76 menos que no ano anterior, experimentou unha medra do 14,8% respecto a 2006, situándose nos 2.362,1 millóns de euros. Tendo en conta que no conxunto do Estado o VEB xerado nas industrias manufactureras de alta e media tecnoloxía medrou un 4,9%, o peso relativo do

Indicadores de alta tecnoloxía en Galicia e España 2006-07
2006

	Galicia				España			
	Establece- mentos	Cifra de negocios	Valor engadido	Ocupados	Establece- mentos	Cifra de negocios	Valor engadido	Ocupados
	(en miles de €)		(en miles de persoas)		(en miles de €)		(en miles de persoas)	
Sectores manufactureiros de tecnoloxía alta e media alta	1.242	10.622.793	2.058.114	51,1	22.953	180.356.215	40.862.218	912,7
Tecnoloxía alta	218	1.051.423	255.014	7,2	4.651	28.167.399	7.417.254	179,9
Tecnoloxía media-alta	1.024	9.571.370	1.803.100	43,9	18.302	152.188.816	33.444.964	732,8
Servizos de alta tecnoloxía	-	-	-	20,8	39.362	64.260.983	30.877.216	536,4
Total sectores de alta e media alta tecnoloxía	-	-	-	71,9	62.315	244.617.198	71.739.434	1.449,1

2007

	Galicia				España			
	Establece- mentos	Cifra de negocios	Valor engadido	Ocupados	Establece- mentos	Cifra de negocios	Valor engadido	Ocupados
	(en miles de €)		(en miles de persoas)		(en miles de €)		(en miles de persoas)	
Sectores manufactureiros de tecnoloxía alta e media alta	1.166	13.346.094	2.362.153	53,8	22.259	193.025.786	42.879.232	937,9
Tecnoloxía alta	198	1.181.365	307.634	6,8	4.437	28.984.940	7.804.886	186,9
Tecnoloxía media-alta	968	12.164.729	2.054.519	47,0	17.822	164.040.846	35.074.346	751,0
Servizos de alta tecnoloxía	-	-	-	19,9	44.473	69.319.789	33.240.512	558,2
Total sectores de alta e media alta tecnoloxía	-	-	-	73,7	66.732	262.345.575	76.119.744	1.496,1

Fonte: INE, Indicadores de alta tecnoloxía

5.2.11.

VEB xerado en Galicia por estas empresas ascende ao 5,5%, cinco décimas máis que no ano anterior.

ata os 2.438,4 millóns de euros que se acadan no ano 2008.

• Comercio exterior

A actividade comercial galega de produtos de alta e media-alta tecnoloxía medrou ao longo do ano 2008 un 16,9% respecto ao ano anterior, mellorando o seu saldo positivo da balanza comercial dende os 2.085,8 millóns de euros correspondentes a 2007

O valor total das importacións destes produtos, tras unha redución do 15,9%, ascendeu a 4.754,3 millóns de euros, o 30,7 % do valor total das importacións galegas, en tanto que as exportacións acadaron os 7.192,7 millóns de euros, un 7% por debaixo do importe de 2007.

Balanza comercial de produtos de alta e media-alta tecnoloxía en Galicia 2007-08

	Importacións/ introducións			Exportacións/ expedicións		
	2007	2008	08/07	2007	2008	08/07
	<i>(en miles de euros)</i>		<i>(%)</i>	<i>(en miles de euros)</i>		<i>(%)</i>
Total tecnoloxía alta	548,3	588,0	7,3	188,3	138,1	-26,6
Aeronaves e naves espaciais	3,3	2,2	-33,6	0,9	0,4	-54,9
Máquinas de oficina e equipos informáticos	18,4	14,0	-23,8	4,4	3,6	-17,9
Material electrónico; aparellos de radio, televisión e comunicacións	72,8	109,0	49,7	30,6	35,3	15,4
Produtos farmacéuticos	397,4	395,1	-0,6	139,4	83,2	-40,3
Equipos e instrumentos médico-cirúrxicos e de precisión	56,3	67,6	20,1	12,9	15,5	20,3
Total tecnoloxía medio alta	5.102,5	4.166,3	-18,3	7.548,3	7.054,6	-6,5
Vehículos de motor	3.618,5	2.586,7	-28,5	6.339,4	5.823,1	-8,1
Maquinaria e material eléctrico	447,8	466,8	4,3	671,9	654,5	-2,6
Produtos químicos, agás os farmacéuticos	496,5	568,3	14,5	243,2	254,2	4,5
Outro material de transporte terrestre	29,9	25,3	-15,3	5,8	5,9	1,6
Maquinaria e equipo mecánico	509,8	519,3	1,9	288,0	316,9	10,0
Sectores alta e media alta tecnoloxía	5.650,8	4.754,3	-15,9	7.736,6	7.192,7	-7,0
Total	16.152,0	15.463,1	-4,3	16.670,0	15.614,0	-6,3

Fonte: IGE

5.2.12.

Atendendo á desagregación segundo sectores OCDE, cómpre salientar a importancia do sector de vehículos de motor, que representa o 54,4% das importacións e o 80,9% das exportacións de produtos de alta e media-alta tecnoloxía. ■

